

# 1º PROGRAMA RADIO MENDE:

## “DÍA DAS ESCRITORAS 16 OUTUBRO 2023”

### ESCALETA

#### *A nosa Intro*

- Bos días, dende Radio Mende con todos vós, Melisa e Valeria
- Xa estamos outra vez por aquí
- Este curso formamos parte do Equipo “Mendelianos ao rescate”
- Xa vos iremos contando de que trata
- Hoxe queremos celebrar o día das Escritoras

#### *Anaco música de Astarot: “Adiós ríos, adiós fontes”*

- O **Día das Escritoras** é unha iniciativa organizada entre a **Biblioteca Nacional de España**, a **Federación Española de Mujeres Directivas e Executivas Profesionais e Empresarias (FEDEPE)** e a **asociación Clásicas e Modernas**, Asociación para a igualdade de mulleres e homes na Cultura. Ademais, contará coa colaboración de **Asociación Colexial de Escritores (ACE)** e o **Centro Español de Dereitos Reprógraficos (CEDRO)**. Desde 2016 búscase reivindicar o labor e o legado das escritoras a través da historia.

Como en edicións anteriores, a data elexida é o luns máis cercano á festividade de Teresa de Jesús, o 15 de outubro. A VIII Edición celébrase este ano 2023 o 16 de outubro.

"Nesta edición o comisariado recae na escritora Marta Sanz e o tema escollido é O pracer, a alegría e a risa das mulleres, co que pretendemos facer do Día das escritoras unha xornada de dobre celebración. Celebración dunha escritura e dunha maneira de percibir a realidade silenciada durante moito tempo, e celebración desa expresión do gozo, a alegría e a risa que a miúdo tamén é un tabú para mulleres educadas na abnegación, o comedimiento e o sacrificio".

#### *Anaco música de Astarot: “Adiós ríos, adiós fontes”*

- AGORA UNHA SELECCIÓN DE TEXTOS:
- **Gloria Fuertes** (1917-1998) España: “**Poema al No**”  
No a la tristeza.

No al dolor.  
No a la pereza.  
No a la usura.  
No a la envidia.  
No a la incultura.  
No a la violencia.  
No a la injusticia.  
No a la guerra.  
Sí a la paz.  
Sí a la alegría.  
Sí a la amistad.

*Anaco música de Astarot: “Adiós ríos, adiós fontes”*

- **Luz Pozo Garza** (1922-2020) España: “**Illas Cíes**”, en Prometo a flor de loto (1992)

Nas Cíes descubrimos a pericia das aves  
e a medida celeste onde reside a luz.  
Bañámonos nas ondas  
a compartir sulagos con dóciles palmípedas  
e cunchiñas de nácara.  
Era o verán  
Chegaban ventos fríos do primeiro cuadrante  
os ventos tersos do Nordés  
Con labios exaltados bicábasme nas tempas  
E querías que fora a raíña dos mares  
ou deslizabas verbas secretas nos oídos  
Nos xogos inocentes  
debuxei no teu peito os signos da alegría  
Despois grabei na area os símbolos da patria:  
espirais  
caracolas  
esvásticas solares  
Cousas do paraíso  
Naquelas latitudes oceánicas azul  
azul delirio  
tracei como remate un labirinto tácito  
para salvar o amor.

*Anaco música de Astarot: “Adiós ríos, adiós fontes”*

- Ata o próximo día